



Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPECA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o tres de febreiro de dous mil dezasete coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos (ANFACO-CECOPECA) o instrumento convencional arriba referido, cun período de vixencia dun ano desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e ANFACO-CECOPECA de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de actividades no ámbito cultural, educativo e de investigación do sector industrial transformador dos produtos do mar e da acuicultura.

Esta colaboración materializarase nos seguintes campos de actuación:

- a) Desenvolvemento de actividades culturais sobre o sector industrial transformador de produtos do mar e da acuicultura.
- b) Desenvolvemento de actividades de dinamización do uso da lingua galega no sector económico empresarial.
- c) Realización de actividades educativas para o fomento dunha alimentación saudable, e como os produtos do mar e da acuicultura son uns ingredientes imprescindibles dunha dieta alimenticia sa.
- d) Desenvolvemento de actividades formativas, para o fomento de actividades de formación especializadas para o sector industrial transformador de produtos do mar e da acuicultura.
- e) Realización de actividades que melloren as competencias do alumnado, favorezan a súa inserción laboral e promovan a realización de proxectos empresariais.





- f) Outras actividades que ambas as entidades acorden levar a cabo e que sexan de interese para ambas as partes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que ANFACO-CECOPESCA é unha asociación que realiza unha importante labor de apoio e prestación de servizos á sociedade, fomentando a divulgación e promovendo a cultura e o patrimonio do galego, co obxectivo de acercar e valorizar a nosa cultura industrial e da memoria do traballo do sector industrial transformador de produtos da pesca e da acuicultura, ofrecendo un servizo directo a mais de 225 empresas de Galicia.
2. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten a vontade de potenciar a realización de actividades culturais, educativas e de investigación sobre a industria transformadora de peixes e mariscos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

